



Do recoñecemento de imaxes ao procesamento da linguaxe natural: unha ollada aos últimos avances en IA



15.03.2023



10:00 – 10:45 H



STREAMING

Cal é o programa?

- › Introducción: Evolución da IA nos últimos anos
- › Que é o recoñecemento de imaxes?
- › Procesamento da linguaxe natural (NLP)
 - › Que son os grandes modelos de linguaxe?
- › Que é a intelixencia artificial xeral (AGI)?
- › Desafíos e riscos da IA
- › Quenda de preguntas

Quen imparte?

ITG (Instituto Tecnolóxico de Galicia)

Gonzalo Blázquez Gil, Doctor en Enxeñaría Informática e experto en Intelixencia Artificial e IoT (Internet of Things). Actualmente é o Director de proxectos e Investigador Principal no ITG

Inscríbete!

Cando e onde?

15 de marzo de 2023

De 10:00 a 10:45 H

- › **Streaming**

Para quen?

Orientada a toda a cidadanía, independentemente do seu nivel de coñecemento en intelixencia artificial (IA). Posto que o enfoque será presentar os conceptos máis técnicos de maneira clara e accesible para calquera persoa interesada en aprender máis sobre os avances en IA. A sesión ten como obxectivo proporcionar información útil, punteira e relevante sobre a tecnoloxía para todos.

Por que?

A intelixencia artificial (IA) converteuse nunha tecnoloxía crave na nosa vida cotiá, presente nunha ampla gama de aplicacións, desde a procura de información en liña ata o uso de asistentes virtuais que realizan tarefas específicas. Para comprender mellor o impacto que a IA está a ter nas nosas vidas e na sociedade en xeral, é importante explorar os avances máis recentes nesta tecnoloxía, centrándonos en dúas áreas en particular: as intelixencias artificiais xerais (AGI) e os grandes modelos de linguaxe. A través desta exploración, poderemos analizar os posibles beneficios e desafíos da IA, incluíndo os riscos asociados coa súa constante evolución. En resumo, esta sesión ten como obxectivo proporcionar unha visión xeral dos últimos avances en IA e como están a transformar o noso mundo.

